

VECIÑANZA LAMENTA O PECHE DUNHA NOVA SUCURSAL BANCARIA E O DETERIORO DE SERVIZOS QUE SUPÓN PARA CUNTIS

- *O peche da oficina do Banco Sabadell causou descontento e malestar entre veciños, autónomos e pequena empresa, e vén a sumar unha pinga máis na perda de servizos en Cuntis nos últimos tempos.*
- *O desmantelamento de servizos de atención presencial no rural prexudica especialmente á poboación maior, onde a fenda dixital, tanto por cuestión de idade como de territorio, é moi notable.*
- *Veciñanza lamenta a pasividade e indiferenza do Goberno Local ante esta nova perda de servizos. É preciso asumir o problema demográfico como unha prioridade se queremos reverter a situación*

Cuntis, 31 de outubro de 2020

A de Cuntis é unha das 200 sucursais que o Banco Sabadell inclúe no seu plan de peches neste 2020. A decisión **causou descontento e malestar entre veciños, autónomos e pequena empresa na nosa vila, en vista de que a supresión desta oficina vén a sumar unha pinga máis na perda de servizos en Cuntis nos últimos tempos, neste caso, de tipo bancario.** No medio do máis absoluto silencio institucional, dende a Xunta de Galicia ao Concello de Cuntis, comprobamos como a dinámica poboacional arrastra unhas consecuencias que dificultan moito a recuperación demográfica. **A perda ou precarización de servizos, xa sexan públicos ou privados, é unha constante imparabile.**

O Banco Sabadell instalouse en Cuntis, na rúa Bernardo Sagasta, a partires do proceso de absorción sobre o Banco Gallego, que gozaba dun gran asentamento na nosa vila. No último trimestre do pasado ano anunciaba o triplo de beneficios e un plan para suprimir 200 sucursais por todo o Estado, malia que, por exemplo en Galicia, incrementaba o seu volume de negocio nun 5%. O Banco Sabadell mercou en 2013 o Banco Gallego por 1 euro, logo de que este último fose rescatado con fondos públicos por un total de 245 millóns. O Sabadell, que durante os procesos de concentración bancaria inducida pola crise económica de 2008 tamén mercou por 1 euro a CAM (Caja de Ahorros del Mediterráneo), beneficiouse dos rescates do Estado por un total de 5494 millóns de euros.

A transformación do sector bancario vai paralela á súa multiplicación de beneficios, sostida sobre o incremento de comisións repercutidas aos/ás clientes/as. **O desmantelamento de servizos de atención presencial, especialmente no rural, está a caracterizar este proceso, e a quen máis prexudica é á poboación maior onde a fenda dixital, tanto por cuestións de idade como territoriais,**





É moi notable. O Banco Sabadell comunicáballe fai uns días aos seus clientes da sucursal de Cuntis que pasaban a ter como oficina de referencia a da Estrada. O declive demográfico que padece a nosa vila está detrás da continua supresión de servizos en diversos ámbitos, e **a parálise que vivimos en asuntos clave como o PXOM non contribúe na boa dirección.**

Dende Veciñanza lamentamos a decisión da entidade bancaria, que supón un deterioro nos servizos aos veciños, veciñas e tecido económico de Cuntis. **Lamentamos tamén a pasividade e indiferenza do Goberno Local ante esta nova perda de servizos.** É preciso asumir o problema demográfico como unha prioridade se queremos reverter a situación. O abandono do rural que por parte da Xunta de Galicia vén sendo unha constante, e a incapacidade do Goberno Municipal do PSOE son unha **combinación letal para as expectativas de futuro da nosa vila.**

